

ANTES DE NÓS

Ángeles Huerta, 2025

1527

ESTREA EN NUMAX: 23.05.2025 | V.O.. | +7 | 85 min

Unha parella, dous intres. Un baile continuo de separación e reencontro. Dúas historias entrelazadas.

1918, Castelao deixa a súa praza de funcionario en Pontevedra para traballar como médico en Rianxo durante a gripe española. Un heroe para o pobo, pero un home ausente para a súa muller, Virxinia.

1929, o matrimonio percorre Bretaña poucos meses despois da perda do seu único fillo. Dous seres rotos e un vínculo que xa non se entende. Unha viaxe que os unirá para sempre. Castelao antes de ser Castelao. Galicia antes da "xeración Nós": Castelao e Virxinia antes de ser "nós".



Notas da directora

Por Ángeles Huerta

- 1.- Hai momentos na vida dun ser humano que, no tempo no que son vividos, percíbense como intrascendentes. Como un instante máis no devir aparentemente infinito de instantes que configura a existencia. Porén, observados na distancia, eses momentos poden revelar a densidade e o cariz dunha vida enteira.
- 2.- *Antes de nós* non é un biopic. Non aspira a relatar a vida completa dun home, e moito menos a glosar a traxectoria dun político. *Antes de nós* é unha historia sobre Castelao antes de ser Castelao, pero sobre todo sobre Daniel e Virxinia antes de seren Daniel e Virxinia. Porque sen ese “nós”, o Castelao que hoxe coñecemos probablemente nunca tería existido.
- 3.- As peripecias vitais da parella durante a gripe de 1918 e durante a súa viaxe a Bretaña no ano 29 son puntos de inflexión na vida de ambos. Momentos dese continuo baile de distanciamento e reunión entre Daniel e Virxinia. E precisamente por iso, son tamén momentos de crecemento de Castelao, como artista e como persoa, que o configuran como político.
- 4.- Na película non hai unha progresión lineal entre estes dous instantes, senón que ambos bailan, como os seus protagonistas, movidos por sensacións que son en si mesmas premisas da película. Non hai unha estrutura de causas e consecuencias, hai pontes tendidas por emocións cuxo calado só se entende nesa ilusión de simultaneidade dos tempos.
- 5.- A terrible epidemia do 18 coloca a Castelao en primeira liña de defensa do vulnerable, mais tamén na vangarda da oposición ao poder caciquil. Esa exposición total á extrema fragilidade do humano reconcíliase co seu papel de esposo e pai, ao tempo que o achega a realidades artísticas alleas á vida burguesa de Pontevedra. Na súa relación co canteiro Sobral tentamos fabular sobre ese despertar da súa pasión polas formas da arte popular, formas que rematarían por constituír a base dunha arte de vangarda especificamente galega.
- 6.- A viaxe do 29 é, no artístico, unha viaxe para converter en certezas o que no 18 non eran máis que intuicións. No persoal, unha viaxe de dó e reconstrución. Unha parella esnaquizada que remata por atopar no seu compromiso político con Galicia a razón para seguir adiante. E con todo, hai algo máis político que a construción dunha relación de parella entre dous seres humanos?

Declaracións de Ángeles Huerta. 18 de marzo de 2025



Na librería
NUMAX
numax.org/librería

Diario 1921,
Castelao.
Galaxia, 2021